

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 5 DE FEBREIRO DE 2015

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 5 de febreiro de 2015, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnen-se no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a María Estela Delgado Fernández, que se incorpora á sesión no momento que se di nesta acta.
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D. Vitor Manuel Sierra Nieves

Non asiste D. Julio Fernández Arias cuxa ausencia é desculpada polo alcalde.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 23 de decembro de 2014.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 23 de decembro de 2014 e non formulándose

ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos quince concelleiros asistentes na sesión.

2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á resolución da cesión de ben inmovible no Castro propiedade de D. José Antonio Valcarce Basadre.

Neste momento incorpórase á sesión a concelleira María Estela Delgado Fernández.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica de 30 de xaneiro de 2015 polo Alcalde que fai uso da palabra para dicir que no Pleno celebrado o día 4 de setembro de 2014 acordouse o inicio do expediente para a reversión do citado ben inmovible e que agora volve ó Pleno unha vez se realizaron os trámites preceptivos para adoptar o acordo definitivo da devolución.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

- 1.- Resolver de mutuo acordo con D^a Joaquina Gallego Lorenzo, en representación de D. José Antonio Valcalce Basadre, a cesión efectuada por D. José Antonio Valcarce Basadre, aceptada por acordo plenario de data 21 de maio de 1997 e formalizado en escritura pública de data 23 de xuño de 1997.**
- 2.- Ambas partes renuncian a calquera indemnización que, no seu caso, puidese derivarse da presente resolución.**
- 3.- Deberá procederse a formalizar o presente acordo de resolución nun prazo non superior a 15 días hábiles dende a súa notificación á interesada. O Concello asumirá o custe de elevación a escritura pública do documento de formalización do acordo de resolución.**

3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a bonificación no ICIO solicitada por D. Félix Arias García.

Di o sr. Alcalde que o solicitante tería dereito á bonificación pero que o problema é que comezou as obras sen licenza, polo que lle foi incoado un expediente sancionador, de reposición da legalidade, e segundo a ordenanza reguladora nestes casos non procede a bonificación.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: non declarar a obra solicitada por D. Félix Arias García (R.E. 11 decembro 2014) de interese social e histórico artístico, por non concorrer circunstancias de edificación de interese histórico artístico e cultural, en base ó informe do Arquitecto Municipal.

Segundo: Propoñer á Xunta de Goberno Local a non procedencia da bonificación do ICIO solicitada

4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a bonificación no ICIO solicitada por D^a M^a Carmen Prieto Ramos.

O sr. Alcalde dá conta do ditame de 30 de xaneiro de 2015, adoptado por unanimidade e di que son obras de rehabilitación de vivenda en Raxoá, no número 19 do Barco de Valdeorras, cunha bonificación do 75% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social e histórico artístico, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% na cota do ICIO.

5º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, relativa a “ordenación das ensinanzas universitarias oficiais”

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ao concelleiro delegado de Medio Ambiente, Educación e Sanidade, sr Alonso Araujo, quen dá lectura da proposición presentada, que copiada literalmente di:

“O pasado día 31 de xaneiro, o Goberno ven de aprobar un Real Decreto polo que se modifican o RD 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, e o RD 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutorado.

O ditame emitido polo supremo órgano consultivo do Goberno de España ven de realizar observacións que en boa parte reiteran as que xa foran formuladas polos Reitores no Consello de Universidades. As observacións dos máximos responsables universitarios plásmanse de xeito íntegro nos documentos aprobados na Conferencia de reitores das Universidades Españolas (CRUE), documentos que non foron tidos en consideración na elaboración do Real Decreto aprobado polo Ministerio, quen tampouco deu resposta ás cuestións formuladas naquel intre polas Universidades e que o Consello de Estado volve a sinalar agora.

Tal e como subliña o ditame, a reforma proxectada, aínda afectando a escasos preceptos, ten unha especial relevancia e consecuencias de grande calado no Sistema Universitario Español. O Consello de Estado recorda que, tratándose de cambios que afectan á estabilidade na regulación das ensinanzas, sería desexable alcanzar un acordo xeral coa fin de acadar un texto que puidera darlle unha maior estabilidade ao sistema.

Coincide esta observación sobre a estabilidade regulatoria coa das Universidades, que consideran que sería preciso realizar unha avaliación rigorosa dos resultados acadados, coa estrutura agora vixente antes de formular a súa reforma. Non obstante, o Ministerio límitase a afirmar, sen presentar estudos que o avalen e sen que as propias institucións supostamente beneficiadas pola reforma o avalen, que os cambios contribuirán a favorecer a internacionalización das Universidades Españolas.

Pero non so queda acreditar a pretendida contribución dos cambios proxectados á internacionalización das Universidades, senón que estes encerran efectos potencialmente moi prexudiciais para a cohesión do Sistema Universitario, a súa transparencia e comprensibilidade nacional e internacional, efectos que se trasladarán dereitamente aos Títulos universitarios españois.

A preocupación por estes efectos prexudiciais ponse claramente de manifesto nas numerosas cuestións e dúbidas específicas formuladas polos Reitores ao Ministerio e ás que o RD non da resposta. Estas cuestións fan referencia, máis aló de aspectos técnicos, á posible depreciación dos Títulos de Grao, particularmente ao relacionado coa incorporación laboral dos Titulados: á confusión que a diferente duración dun mesmo Título podería xerar entre familias e empregadores; ao recorte do financiamento público e ao aumento dos prezos de matrícula que a reforma suporá.

Por todo elo, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte

MOCIÓN

O Concello do Barco insta ao Goberno de España a:

- 1.- Promover no seo do Consello de Universidades, a elaboración dun informe sobre os resultados da vixente ordenación das Ensinanzas universitarias oficiais, que inclúa un conxunto de indicadores relevantes para a súa valoración nos ámbitos nacional, europeo e internacional.
- 2.- Promover, no seo da Conferencia Xeral de Política Universitaria, do Consello de Universidades e do Consello de Estudantes Universitarios do Estado, o establecemento dunha Comisión Mixta que teña por cometido elaborar un informe sobre os efectos no financiamento público e privado das Universidades, a

igualdade de oportunidades e o acceso ao emprego dos Titulados universitarios da reforma promovida polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

3.- Derrogar o Real Decreto de reforma da ordenación das Ensinanzas universitarias oficiais, recentemente aprobado polo Goberno, en tanto non se dispoña dos citados informes, incorporando, en todo caso, o conxunto de modificacións que se desprenden das observacións realizadas polo Consello de Estado no seu ditame, así como as que resulten dos traballos do Consello de Universidades e da Comisión Mixta.

E insta á Xunta de Galicia a:

4.- A apoiar os intereses das universidades e dos/as estudantes universitarios/as galegos/as fronte á reforma de organización do ensino universitario do ministro Wert, defendendo na Conferencia General de Política Universitaria e no Ministerio de Educación as decisións ao respecto dos reitores do SUG como representantes de toda a comunidade universitaria galega.

5.- Que lle solicite ao Goberno de España a derogación do Real Decreto de reforma da ordenación das Ensinanzas universitarias oficiais recentemente aprobado.”

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que di que antes de entrar no debate da Moción, quere desexarlle a Julio Fernández, concelleiro de deportes, unha pronta recuperación.

Logo do anterior, o sr. Blanco manifesta que o Grupo Socialista case pide a derogación do decreto antes de publicalo, pois foi publicado no BOE o día 3 de febreiro e a Moción está datada de 2 de febreiro, polo que lle parece unha moción preventiva, que hai que deixar claro que ese Decreto non obriga nin impón nada senón que marca unha posibilidade que poden ou non establecer as universidades e que, como ben sabe o sr. Alonso Araujo, os reitores de España decidiron fai poucos días non aplicalo, acordando unha moratoria de tres anos, polo que por todo o dito pensa o sr. Blanco que o que procedería sería esperar a ver qué se decide polo Consello de Reitores de España e o que se vai vendo con esta reforma, que non deixa de ser un paso adiante, cuns aspectos positivos e outros mellorables. Di o concelleiro que parécelle unha moción precipitada, pois estanse a debater e valorar diferentes posibilidades, e que os reitores galegos dixeron publicamente que piden igualar o custo entre grado e máster para garantir o acceso universal, e que con esa petición el está de acordo polo que se debe traballar nesa liña. Prosegue dicindo que a inmensa maioría do alumnado de Galicia só cursa grado e que apenas un 8,5% son os que se decantan por estudar un máster, polo que neste caso baixar un ano a duración dos grados suporía un aforro para as familias.

Concédeselle a palabra ao sr. Alonso Araujo quen fai uso dela para dicir que o Real Decreto foi aprobado o venres día 30 e publicado no BOE cando correspondeu, polo que non é preventiva xa se sabía ese día o que dicía o Real Decreto e así foi publicado nos medios de comunicación, e que tampouco é moi precipitada, pois o Partido Socialista a nivel nacional xa presentou unhas proposicións non de lei fai varios meses cando o Ministerio empezou a falar deste asunto e a saberse de qué ía o Decreto, e que tamén ten que sinalar que este Decreto non foi debatido en ningún estamento educativo nacional, cando as anteriores reformas educativas foron debatidas en todos os estamentos relacionados co mundo da educación. Di o concelleiro que o mencionado Decreto apróbase en contra do Consello de Estado, coa oposición frontal de todos os reitores, que acaban de chegar a un acordo entre eles e deciden unha moratoria na súa aplicación para ver o que ocorre. Di que con este Decreto refórmase un sistema universitario que foi reformado anteriormente e posto en marcha no ano 2010, o famoso Plan Bolonia, e que aquela reforma foi consensuada por todas as forzas políticas parlamentarias e nela, no ano 2007, acordouse que os graos durarían 4 anos e os máster un ano e agora os graos durarán 3 anos e os máster 2 anos, e que a aportación do Goberno ás universidades é soamente polo custo dos graos, pero non polo custo dos estudos de posgrao, que son optativos e hoxe en día custan moitísimo. Prosegue dicindo o sr. Alonso que esta reforma estase a facer de costas a todo o sistema universitario, sen contar con quen hai que contar, que é outra reforma máis do actual Ministro como as que leva feito ata agora, por exemplo os recortes das bolsas Erasmus, a eliminación das bolsas Séneca ou a supresión de estudo de idiomas no estranxeiro ou das escolas rurais, que ó final é un ministro que actúa sen control e só xera problemas onde non os hai e que dende que está a gobernar o PP en España, o goberno deixou de ingresar ás Universidades 1.523 millóns de euros, as universidades perderon un 31,8% de persoal, perderon un 56% de inversións en infraestruturas, equipos e investigación, descendeu un 16,48% o gasto por alumno en España, 45.000 estudantes deixaron de estudar en España por non ter diñeiro para estudar, as taxas universitarias subiron un 66%, en Galicia hai 10.000 bolseiros menos, cun 24% menos de dotación por bolsa e que o sistema ao que nos levaría este Real Decreto é que dúas universidades diferentes optarían a ofertar un mesmo título con dúas titulacións distintas, e que o propio mercado laboral estaría en dúbidas a qué rapaz ou a qué graduado seleccionar.

Fai uso da súa queda o sr. Blanco Paradelo quen di que o Real Decreto ao que se está a referir non indica ningunha data para a posta en marcha desta medida e que, polo tanto, pódese poñer en marcha si queren, cando queiran e cómo queiran. Di que é un Real Decreto que responde á petición dalgúns

reitores que trasladaron no ano 2006, que foi negociado nesta lexislatura en conversacións durante máis de dous anos, e o que busca é poñer unha solución a unha problemática que teñen os estudantes españois para saír ao estranxeiro e aos estranxeiros para vir a España. Di o concelleiro que no ano 2007 non houbo tanto consenso, como di o sr. Alonso, senón que foi máis imposición dos 4 anos de grao, separándose da tendencia europea, que é o que agora se quere perseguir. Di que o que se busca é converxer co sistema europeo e evitar que tanto os estudantes españois como os que queiran vir a estudar a España teñan os menores problemas. Remata dicindo o sr. Blanco que as taxas universitarias máis baixas de España están en Galicia e que tamén hai unha das taxas máis baixas de abandono escolar e que durante este ano se mobilizaron a maior cantidade de recursos económicos para bolsas.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

O Concello do Barco insta ao Goberno de España a:

1.- Promover no seo do Consello de Universidades, a elaboración dun informe sobre os resultados da vixente ordenación das Ensinanzas universitarias oficiais, que inclúa un conxunto de indicadores relevantes para a súa valoración nos ámbitos nacional, europeo e internacional.

2.- Promover, no seo da Conferencia Xeral de Política Universitaria, do Consello de Universidades e do Consello de Estudantes Universitarios do Estado, o establecemento dunha Comisión Mixta que teña por cometido elaborar un informe sobre os efectos no financiamento público e privado das Universidades, a igualdade de oportunidades e o acceso ao emprego dos Titulados universitarios da reforma promovida polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

3.- Derrogar o Real Decreto de reforma da ordenación das Ensinanzas universitarias oficiais, recentemente aprobado polo Goberno, en tanto non se dispoña dos citados informes, incorporando, en todo caso, o conxunto de modificacións que se desprenden das observacións realizadas polo Consello de Estado no seu ditame, así como as que resulten dos traballos do Consello de Universidades e da Comisión Mixta.

E insta á Xunta de Galicia a:

4.- A apoiar os intereses das universidades e dos/as estudantes universitarios/as galegos/as fronte á reforma de organización do ensino universitario do ministro Wert, defendendo na Conferencia General de Política Universitaria e no Ministerio de Educación as decisións ao respecto dos reitores do SUG como representantes de toda a comunidade universitaria galega.

5.- Que lle solicite ao Goberno de España a derogación do Real Decreto de reforma da ordenación das Ensinanzas universitarias oficiais recentemente aprobado.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Mocións urxentes

Di o sr. Alcalde que se presentou unha Moción polo BNG sobre apoio ás persoas que reciben pensións do estranxeiro.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ao concelleiro sr. Sierra Nieves, quen di que quere poñer o toque poético da xornada lendo un texto moi breve de Curros Enríquez, que di: *“dicen que como o Miño, o noso pobo na terra onde nace quere morrer, pero o sono do río é sosegado e o deste non o é”*, que non é sosegado porque a Plataforma de Emigrantes de Valdeorras fai un ano que se concentran e reclaman xustiza, que pasa por modificar a Lei 35/2006 para que se revise a cuestión dos dous pagadores e que non exista discriminación, que a xustiza pasa por recoñecer de oficio as pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións, que esta mesma mañá pediron ante a Delegación de Facenda que a propia Axencia Tributaria faga una campaña aclaratoria e informativa entre as persoas afectadas, que neste país son case 300.000, que a Lei 35/2006 foi redactada polo Goberno de Zapatero e aplicada polo Goberno de Rajoy polo que tanto un como o outro son responsables da mesma, que a Plataforma xunto co BNG se seguirá mobilizando porque é a única forma que teñen de facer visible a súa problemática, que a solución pasa por unha solución política derogando a lei 35/2006, que a Plataforma pide desculpas públicas porque o Goberno lles chamou *“estafadores”* a todos os emigrantes retornados, e que ese insulto sae dun partido no que parece que se concentran todos os ladrons profesionais que hai neste país.

O sr. Sierra Nieves dá lectura da proposición presentada, que copiada literalmente di:

“MOCIÓN DE APOIO ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PENSIÓNS DE ESTADOS ESTRANXEIROS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez querémonos referir á problemática que rodea a emigración que Galiza padeceu, e continúa padecendo. Foron milleiros as persoas que se viron obrigadas a abandonar o noso país desde comezos do século XIX para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación tamén se ven na obriga de facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.

Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno na Galiza e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Tras este colectivo recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas coa finalidade de proceder á regularización ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondentes aos exercicios de 2008, 2009, 2010 e 2011, produciuse unha forte resposta social. Estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declaren as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.

Foi a presión que realizou con intensidade a Coordinadora Nacional de Emigrantes Retornados/as (á que pertence a Plataforma de Emigrantes de Valdeorras) a que conseguiu que se saiba quen son os verdadeiros defraudadores e que se coñeza que houbo un trato inxusto e discriminatorio cos/coas pensionistas retornados/as. Tamén esa contestación social motivou a introdución na reforma fiscal prevista para 2015 dun “proceso de regularización” dirixido a este colectivo que, con todo, é unha solución parcial que non asegura un tratamento fiscal equitativo e non discriminatorio respecto doutras persoas que só perciben pensións de organismos do Estado español. Por iso non se pode consentir que se lle dea unha solución simplemente cosmética ás xustas demandas deste colectivo coa Axencia Tributaria por atoparnos nas vésperas dun ano de importantes envites electorais. Son imprescindíbeis medidas reais para que a tributación das pensións de emigrantes retornados/as sexa xusta e igualitaria, que os impostos que soportan non teñan un tratamento legal diferente polo simple feito de ter desenvolvido unha parte da súa vida laboral no estranxeiro.

Por iso o grupo municipal do BNG deste concello, solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte:

ACORDO

1. Demandar do Goberno do Estado español a adopción urxente das seguintes medidas:

- a) Que proceda á modificación lexislativa para fixar un mesmo réxime do IRPF para as rendas procedentes de pensións, con independencia de se estas proceden dun estado ou de varios estados.
- b) O recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións.
- c) Solicitar información dos países de procedencia das pensións, sobre todo de Suíza, para verificar que prestacións xa están sometidas a gravamen no país de orixe para evitar a dupla imposición.
- d) Revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volverse a producir.

2. Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria, asistindo á manifestación convocada para o vindeiro 13 de marzo en Compostela.”

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo que di que, antes de entrar no debate quere dar a benvinda á xente que acompaña hoxe no Salón de plenos. Di que o voceiro do BNG pon moi difícil chegar a calquera tipo de acordo cando empeza dicindo que o PP, o seu partido, é o partido dos ladróns solicita que o sr. Sierra retire ese calificativo.

Prosegue dicindo o sr. Blanco que o IRPF é un tributo esencial para materializar o artigo 31 da Constitución, e que os impostos da renda, sexa en España ou no estranxeiro, páganse no lugar de residencia, que o sistema tributario de España establece unha obriga de tributar igual para todos os españois e que debe quedar claro que dende o PP son conscientes de que os emigrantes retornados que non tributaron non son defraudadores porque tiñan, neste caso, mala información ou non se lle deu información, sendo ademais un colectivo especialmente vulnerable ao descoñecemento precisamente por ter vivido fóra de España durante longo tempo. Di que o que pasou neste caso é que no ano 2013 a Axencia Tributaria obtén información dunhas rendas que se perciben por residentes en España e aí empeza a inercia administrativa, que o PP dende o primeiro momento intentou corrixir esta cuestión e de aí a proposición non de lei aprobada conxuntamente no Parlamento galego que pedía que non foran tratados como defraudadores, que non se lles cobrara as multas e que se fixeran aprazamentos da cota tributaria, que o Goberno do PP aprobou un proceso de regularización dende o 1 de xaneiro de 2015 para os pensionistas retornados, que non terán que pagar as sancións nin recargos nin xuros de demora polas pensións percibidas e que a todos aqueles que xa pagaron se lles devolverá o importe das sancións, recargos ou os xuros de mora, e que os afectados poderán acollerse a fraccionamentos e aprazamentos tal e

como establece a Lei. Di o concelleiro que sobre a reforma que propón o BNG, a modificación que aprobou o Goberno evitará precisamente discriminacións entre os pensionistas que estiveron na emigración e aqueles que traballaron en España e que tributaron polas súas pensións recibidas, pola contra a reforma do IRPF que propón o BNG provocaría discriminacións entre os pensionistas retornados e os que só cobran en España, habería unha clara discriminación porque moitos retornados non tributarían polas pensións que reciben do estranxeiro mentres que un pensionista que só cobra do Estado Español si tería que tributar aínda que cobren a mesma contía de pensión e que si habería discriminación si os pensionistas retornados non tivesen a obriga de declarar pola pensión que perciben do estranxeiro xa que ese pago non está suxeito á retención. Remata dicindo o sr. Blanco Paradelo que convén lembrar que o goberno da Xunta de Galicia reuniuse en varias ocasións con todas as organizacións de pensionistas retornados e que estará a súa disposición para facilitar todo o proceso de regularización pese a que é unha competencia do estado e non autonómica.

Fai uso da palabra o sr. Alonso Araújo que di que o Goberno abandonou a súa sorte a miles de cidadáns residentes no exterior e agora trátaos como grandes defraudadores do erario público, que se castiga e se criminaliza aos cidadáns españois porque o único que fixeron foi traballar no estranxeiro e cobrar unha pensión do estranxeiro, que moitos deses emigrantes preocupáronse no seu momento de acudir ás Axencias Tributarias a preguntar o que tiñan que facer coa súa pensión e se lles dixo, en moitos casos, que eles non tiñan que tributar que xa tributaban no país de orixe, e iso está contrastado, incluso asesores fiscais tamén lles informaron o mesmo porque o consultaban nas axencias tributarias. Di o sr. Alonso Araújo que estes pensionistas non son defraudadores senón que son cumpridores, pero o goberno coa súa falta de sensibilidade causou un dano gratuíto, económico e moral a todas estas persoas que durante a súa vida contribuíron a aportarnos divisas, a que mellorásenos os que quedamos aquí e que agora en moitos casos seguen a ser o sustento principal da súa familia.

Fai uso da súa quenda o sr. Sierra Nieves quen di que agradece ao sr. Blanco a clase maxistral de IRPF que deu, que parece que non falan no mesmo idioma, pois en máis da metade da súa intervención non respondeu a nada do que esta moción propón, que o voceiro do PP fala nos mesmos termos que fala o seu Partido, evidentemente, e non sabe si entendeu o que supón esa Lei pois ó contrario do que o sr. Blanco dicía unha persoa cun pagador pode cobrar moitísimo e paga moitísimo menos que unha persoa que con dous pagadores recibe moito menos. Di o concelleiro que a teoría

que ten aquí o sr. Blanco é irse pola ramas e o que ten que ter é a mesma valentía que ten no parlamento galego de votar directamente en contra cada vez que se presenta unha moción así, porque os seus xefes Feijoo e Rajoy e todos os seus compañeiros lle din que vote en contra.

Di o sr. Alcalde que o tema é si hai que tomar medidas ou non que resolvan o problema de todos os retornados, que na inmensa maioría o que fixeron non o fixeron co convencemento nin coa sensación de estar defraudando a Facenda, pois fixeron o que lles dixeron que fixeran e que a estas alturas niso están todos de acordo, aínda que algúns tardaron máis en poñerse de acordo con iso.

Di o sr. Blanco Paradelo que dende o principio dende o goberno da Xunta de Galicia exerceuse a maior presión sobre o Ministerio e sobre o propio Ministro, que quizás tardou en darse conta da verdade dos feitos, para poder conseguir que por lei se puidera solicitar a devolución dos intereses, recargos e sancións, que os grupos do Parlamento Galego tiveron acordos por unanimidade nos que precisamente quedaba claro que non se trataba a ninguén por defraudador, e que na maioría dos casos foi por descoñecemento e nunca houbo mala fe. Remata dicindo o sr. Blanco que aínda que sexa tarde ou non lle guste ao sr. Sierra, vaise a regularizar a situación procedendo por lei á devolución de intereses, recargos e sancións, e que outra cousa moi distinta é que non teñan que tributar absolutamente nada.

Fai uso da palabra o sr. Alonso Araújo que o Partido Socialista vai a apoiar a Moción.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e sete en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno acorda:

1.- Demandar do Goberno do Estado español a adopción urxente das seguintes medidas:

- a) **Que proceda á modificación legislativa para fixar un mesmo réxime do IRPF para as rendas procedentes de pensións, con**

independencia de se estas proceden dun estado ou de varios estados.

- b) O recoñecemento de oficio das pensións de invalidez, recoñecidas nos países de procedencia coa finalidade de acreditar a exención na tributación destas pensións.**
- c) Solicitar información dos países de procedencia das pensións, sobre todo de Suíza, para verificar que prestacións xa están sometidas a gravamen no país de orixe para evitar a dupla imposición.**
- d) Revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volverse a producir.**

2.- Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria, asistindo á manifestación convocada para o vindeiro 13 de marzo en Compostela.

2. Rogos e preguntas.

Pide a palabra o sr. Blanco Paradelo quen, unha vez concedida, di que ao ver o documento da cifra de poboación deste Concello, da que se dará conta no seguinte punto, tristemente se ten que dicir que O Barco segue a perder poboación e quere recordar que no Pleno aprobouse unha Moción na que se pedía un plan para fomentar o empadramento incluso falouse de medidas para impulsar a natalidade. Di que ese plan non foi debatido nin elaborado, que sabe que o Alcalde deu conta nalgunha Comisión que algúns funcionarios ou traballadores do Concello fixeran un estudo pero non se fixo nada máis. Di o concelleiro que insiste en que se pode facer ese plan e que volve a pedir que na próxima Comisión se poda debater sobre ese plan e se poñan enriba da mesa algunhas medidas que poidan ser interesantes tanto para fomentar o empadramento como para fomentar a natalidade neste Concello.

Pide a palabra o sr. Sierra Nieves quen, unha vez concedida, di que ten dous rogos e dúas preguntas, que o primeiro rogo é si se pode poñer unha lareira no medio do Salón de Plenos e que a pregunta é que logo de saber os datos negativos do IGE, que no Barco pasouse no decenio 2001 a 2011 do 52,06% ao 36,34% de falantes monolingües en galego, quería saber qué medidas vai a tomar o Concello do Barco á vista deses datos e que a segunda cuestión está relacionada con que este fin de semana, concretamente o domingo, hai unha manifestación de “Queremos galego”

ás 12 horas na Alameda de Santiago, que moitas organizacións e institucións sumáronse ás reivindicacións desta plataforma, nomeadamente Concellos, que é notable o desleixo desta administración para co noso idioma, pois non é a primeira vez que se fala deso no salón de Plenos, e ata non se fai cumprir a lei en materia lingüística e como rogo, solicita que o Alcalde se manifeste publicamente ante estes preocupantes datos dos que falaba antes, e que por unha vez se adhira ás reivindicacións de “Queremos galego”, xa que nunha reunión que houbo no Barco non había ningún membro deste Goberno presente. Di o sr. Sierra que a segunda pregunta é si sabe si a Policía Local, da que o Alcalde é o máximo responsable, á vista da situación da que se falou anteriormente, vai a usar o galego nos seus carteis e así de paso cumprir a Lei.

Contesta o sr. Alcalde que sobre o primeiro rogo xa lle di que non, pois espera que no próximo pleno se conecte a calefacción a súa hora, que como comprenderá o sr. Sierra, ao quedar dous plenos desta lexislatura o equipo de Goberno non vai a implementar ningún proxecto de apoio para nada pois iso quedará, como é lóxico, para a seguinte Corporación, que en calquera caso este equipo de Goberno apoia e apoiou sempre o galego con máis ou con menos acerto e que nesa batalla están todos xuntos, respecto da pregunta sobre a Policía Local di que sabe que é un déficit e en repetidas ocasións se lle ten dito, ás veces por min e ás veces polo Concelleiro de cultura, que non se faga ningún tipo de cartel en castelán pois nese aspecto tense avanzado e practicamente todos os funcionarios cando fan toda a documentación fana en galego, e a Policía ás veces é certo que sacan carteis, notas informativas ou letreiros en castelán e que non teñen ningún sentido, que el retomará ese tema.

3. Dación de conta da cifra de poboación referida a 1 de xaneiro de 2014 elevada polo I.N.E. ao Goberno.

Dáse conta pola alcaldía-presidencia da cifra de poboación deste Municipio referida a 1 de xaneiro de 2014, elevada polo I.N.E. ao Goberno, e que ascende a 13.899 habitantes.

4. Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 741/14 ata o nº 829/14 e do nº 1/15 ata o nº 52/15; levantamento reparo Relación de facturas 57/14 (Res nº 797/14) e das actas da Xunta de Goberno Local de 27 de novembro, 5, 11, 18 e 30 de decembro de 2014 e 8, 15 e 22 de xaneiro de 2015.

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 741/14 ata o nº 829/14 e do nº 1/15 ata o nº 52/15; levantamento reparo Relación de facturas 57/14 (Res nº 797/14) e das actas da Xunta de Goberno Local de 27 de novembro, 5, 11, 18 e 30 de decembro de 2014 e 8, 15 e 22 de xaneiro de 2015.

5. Dación de conta en materia de morosidade (4º trimestre 2014) e informe anual 2014.

Dáse conta pola alcaldía-presidencia do informe de morosidade do cuarto trimestre do ano 2014, sobre cumprimento da Lei de Morosidade e do informe da Alcaldía sobre xustificación do incumprimento.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:05 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez